



Boas para acceder ós foros:

1.- se estás rexistrado na páxina:


a) se te lembrás do usuario e contrasinal co que te rexistraches: non hai problema, accedes dende **“Iniciar sesión”** na parte superior dereita da páxina



Na pantalla seguinte que aparece, introduces os datos de nome de usuario (ou correo electrónico) empregados no rexistro xunto co contrasinal, para acceder á parte de socios da páxina:




Dende aí accedes á páxina do voso perfil na páxina, dende onde podedes configurar o voso perfil, e aparecen dous novos menús na parte superior en laranxa que non aparecen para o público xeral (estamos intentando actualizar e meter contidos), unha é **APRAFOGA (Área privada)** onde irán as distintas áreas temáticas e información ó respecto e **FOROS (Área privada)** onde se habilitarán os distintos foros a empregar:



Pasando o rato por riba podedes ver o contido de cada menú:

MENÚ FOROS:



MENÚ APRAFOGA:


https://aprafoa.org/user/aprafoa/#

Para entrar no foro da axenda clicamos no enlace **“AXENDA 2021”**, abrírase a pantalla seguinte, onde xa hai un debate creado para facer aportacións para os contidos útiles da axenda, se clicades no debate (o enlace sinalado pola frecha vermella), abrides ese debate, podedes ver a descrición do mesmo, e no recadro de texto facer a aportación que creades convinte:


Debate	Usuarios	Entradas	Última publicación
Cousas que podemos incluír na axenda da asociación do 2021	1	1	hace 1 día, 12 horas

https://aprafoa.org/forums/topic/cousas-que-podemos-incluír-na-axenda-da-asociacion-do-2021/#

Neste cadro poríamos as nosas aportacións:




E una vez finalizado dámoslle ó botón de “Enviar”:




O procedemento sería igual para aportar en calquera debate que se abra nos foros.


b) se NON te lembrás do usuario e contrasinal co que te rexistraches: non hai problema, accedes dende “Iniciar sesión” na parte superior dereita da páxina, e dálle na parte de “¿Esqueche-lo teu contrasinal?”,



isto lévate a unha páxina nova, onde ó introducir o correo electrónico ou o usuario co que te rexistraches (o que che acorde), envíase un correo electrónico para establecer un novo contrasinal para a conta:



o correo que recibas vai ser do tipo, e o enlace que tes que empregar é o sinalado pola frecha vermella:



E dende aí poder establecer un novo contrasinal do teu gusto:

The screenshot shows the APRAFOGA website's password reset interface. At the top, there are social media icons and the text "axantes@aprafoga.org". The main header includes the APRAFOGA logo and navigation links: "Qué é APRAFOGA", "A Directiva", "Os Estatutos", and "Alta APRAFOGA". The central content area contains the text "Por favor introduce un novo contrasinal. Mínimo 8 caracteres" and a form with the following fields: "Novo contrasinal", "Volva a introducir o contrasinal", and a "Reseteo o seu contrasinal" button. The footer contains links for "Aviso Legal", "Política de Privacidade", and "Política de cookies", along with a language selector and social media icons.

2.- se NON estás rexistrado na páxina:

Terías que ir á parte superior dereita onde pon "Rexístrate"



The screenshot shows the APRAFOGA website's registration page. The header is identical to the previous screenshot. The main content area features a banner with three images of environmental workers and the text "AXENTES AMBIENTAIS GALICIA CONSERVACIÓN DOS RECURSOS PISCÍCOLAS". Below the banner, there are sections for "Últimas novas" and "APRAFOGA". The footer includes the URL "https://aprafoga.org/register/", the text "APRAFOGA é membro de:", and a "Aviso de cookies" link.

Cubrir os apartados precisos para inicia-lo rexistro:

The screenshot shows the APRAFOGA website's registration form. The header is identical to the previous screenshots. The form contains the following fields: "Nome de usuario", "Nome", "Apelidos", "Dirección de correo electrónico", "Contrasinal", and "Confirmar Contrasinal". There is also a checkbox for "Suscríbeme á lista de correo!". On the right side, there is a section for "AEAFMA" with the text "Suscríbete ó noso Boletín", an "Email" input field, and a "Suscribirse" button. Below this is a search bar with a "Buscar" button and a calendar for "octubre 2020" showing days from L to D.

Despois disto a administración da páxina ten que comprobar os datos e habilitar esa conta para o acceso á páxina (só para socios de APRAFOGA), tras a comprobación, chegarache un correo de confirmación de alta, e dende ese momento poderás entrar na páxina co teu usuario e contrasinal. O correo será do seguinte tipo:



E dende el xa podes clicar no botón para **“Iniciar sesión na páxina”**.

Nada máis, esperamos que este manual che sirva de axuda, que nos fagas chegar calquera suxestión, e que a páxina sexa de utilidade como ferramenta de comunicación e debate entre socios e directiva. Calquera suxestión ós contidos da páxina tamén será benvinda.

O equipo directivo de APRAFOGA